


A acreditación pode ser consultada en fprofe – perfil de usuario – acreditacións.




Nela veremos o noso perfil competencial en CDD: as áreas e niveis que temos acreditadas, as que restan por acreditar e as que poderiamos acreditar coa formación que estamos a desenvolver neste momento.

Alén diso poderemos pedirlle á ferramenta que nos propoña accións formativas que nos axuden a completar un nivel competencial do que aínda poida non ter todas as áreas cubertas premendo en "buscar formación".




E tamén poderemos ver que formación conduciu á acreditación dunha área/nivel concreto pasando co rato por riba do check verde, ou do detalle completo da formación acreditadora con indicadores, premendo en "detalle da formación".




É importante ter en conta que para acreditar un nivel por formación é preciso ter acreditadas todas as áreas e cumprir co número mínimo de horas de formación establecido.

